



“Nos 70 había polo menos conciencia de que había que loitar. Agora a sociedade parece rendida”

[Montse Dopico](#) luns 2, decembro 2013

Leo é unha moza que decide iniciar, soa, unha viaxe. Ao seu xeito, é unha rebelde que busca o seu propio camiño en contra da vontade dos demais. Aínda que, no seu periplo, vai aprender máis de si mesma que dos lugares que visita. Así é a protagonista da nova novela de Rosa Aneiros, *Ámote Leo A* (Xerais). Unha muller na procura da liberdade. Como tantas outras das personaxes da autora, coa que falamos nesta entrevista.

Tiñas desde o principio a idea de facer unha triloxía?

Non. Comecei a escribir e, ao ir desenvolvendo a historia, vin que non tiña traza de acabar nun só libro. Nun principio pensei que ía precisar dous libros e ao final acabaron sendo tres. Hai xente que planifica moito a estrutura das novelas. Eu fágoo só mentalmente e, neste caso, a idea inicial sobre a extensión fóiseme das mans. Cabía a posibilidade de renunciar a partes, pero eu sempre prefiro seguir o ritmo da propia historia e despois, se é necesario, recortar. Evidentemente, é máis arriscado, tanto para min como para a editorial, presentar unha novela en tres volumes. Cando rematei presentéille a novela a Xerais para que eles decidisen. E optaron por publicala así tamén podían recomendarme que resumise... Pensa que xogo coa vantaxe de non estar atada por condicionantes como os que teñen os autores de super ventas. Eu conservo a liberdade para escribir o que quero, guiada pola paixón da escrita e nada máis. E a editorial ten a liberdade de decidir se o publica ou non.

Dixéronme na libraría que, libro que chegaba, libro que voaba. Están a traballar moito con el con adolescentes. Vin algunha crítica de alumnos e alumnas de institutos...

Os lectores adolescentes son os máis críticos e sinceros. Ademais, nas aulas ensínanlles a exercer esa crítica, que é algo marabilloso, e a argumentar. Teñen que explicar por que lles gustou ou por que non. Levo xa moitos anos indo aos centros, facendo o tour de centros, como di Marcos Calveiro. Ás veces tes xornadas maratonianas de tres ou catro centros pero é unha das mellores experiencias como autora: comprobar o que significa para os demais o que escribes. As reaccións son moi diversas e non podes contentar a todo o mundo. Creo que quen escribe debe manterse firme, ter claro o que quere contar e como quere facelo, pero moitas veces os adolescentes axúdanche a ver cousas dos teus propios libros das que non eras consciente...

Ámote Leo A. é un libro de viaxes. A viaxe estaba tamén moi presente en *Sol de Inverno*, -aínda que nese caso o seu motivo era a represión, o exilio-. En *Ás de bolboreta* hai personaxes de diferentes países...

Gústame moito viaxar e considero, ademais, que escribir é unha maneira de viaxar. É unha oportunidade para que os personaxes, situados fóra do seu contexto habitual, se coñezan mellor a si mesmos, afronten os seus propios medos. A viaxe de Leo é iso: unha viaxe ao fondo de si mesma. Porque cando non estamos rodeados das voces das persoas coas que convivimos normalmente, a voz que escoitamos é a nosa, e iso dá moita vertixe. Por iso, o obxectivo do libro non é tanto contar o que Leo ve fóra, senón o que ve dentro.

Un enfoque clásico da literatura de viaxes, entón: a viaxe iniciática, a de autocoñecemento...

Si, non é innovador nese aspecto. Leo vai correndo por varias cidades, visita lugares a toda velocidade porque ten un tempo limitado antes de volver para a casa. Por iso a idea non é detese nos detalles, na descrición de cada cidade, porque para iso precisaría enfocar a novela doutro xeito. Hai tamén, nese aspecto, unha reflexión sobre as distintas maneiras de viaxar: que é un viaxeiro, se é mellor ler antes sobre o lugar a visitar ou non... No libro hai moita narración, moita acción, pero o que interesa é máis ben, como dicía, a viaxe cara ao interior: o que se describe de fóra é un reflexo do que Leo vive por dentro.

Como en anteriores novelas túas, a personaxe principal é unha muller. Non creo que sexa casualidade.

Tiña claro que a protagonista debía ser unha muller. Como traballo moito con clubs de lectura, comecei a ler moitas máis obras para público adolescente. E, con moitas delas, desas de grandes vendas e grandes editoras, quedei arrepiada. Porque o seu xeito de perfilar as rapazas é horrible. Baixo un disfrazo de aparente apertura -reducida a drogas, marcas e sexo- pintan mulleres submisas, dispostas a todo para conquistar o líder do grupo. Ademais, tamén me preocupaba a imaxe que se lles está a dar aos adolescentes da realidade: unha crise omnipresente e sen opcións de futuro... Por iso, pensei: se unha persoa de 16 anos atopa ese panorama, ou se afunde ou asume que non hai alternativas. Leo rebélase contra esa visión negra das cousas. Enfróntase a todo o mundo: os amigos, a familia, e marcha para ver outras realidades. Porque hai moitas realidades, e non ten sentido perder o tempo con 18 ou 20 anos pola amargura do mal que está todo. O libro pretende dalgunha maneira inxectar unha dose de optimismo.

Dalgún xeito, a novela é tamén un relato de procura da liberdade. Como o era *Resistencia* ou *Sol de Inverno*, aínda que o contexto mude radicalmente.

Si, diso e de como a xente se trabuca, tamén. Porque ás veces os finais que se atopan non son os esperados. Pero o importante non é iso, errar, senón seguir libremente o teu propio camiño.

Dixeches algo así como que querías facer unha historia como a de Marco Polo pero ao revés... Leo afástase da familia, no canto de ir buscala.

Dicía iso no sentido de feminizar o personaxe de Marco Polo. A tía de Leo regálalle o *Libro das maravillas* de nena e esa historia convértese nun símbolo e nunha guía para ela. Por iso a súa viaxe supón a culminación do soño infantil de viaxar e, sobre todo, de converterse en protagonista do libro da súa propia vida.

A Lisboa que visita Leo non é de postal, precisamente. Nin o é a Barcelona que ela ve. Por que?

As cidades non están postas no libro como un decorado, senón como o reflexo do estado de ánimo de Leo. En Lisboa séntese atada a unha persoa que, por unha banda, a acompaña e lle ensina a cidade e, pola outra, fai que se sinta así, atada. Ela decátase de que non é iso o que quere. En cambio, en Barcelona atopa un grupo de xente coa que si se sente cómoda, e por iso representa a luz, fronte á humidade de Lisboa... O prezo das viaxes é tamén determinante nas escollas (por certo, era o prezo real dos voos que consultei cando estaba a escribir). Ás veces Leo escolle as cidades por outra razón diferente á económica. Por exemplo, vai a Marrocos porque seu irmán quere ir e, dalgunha maneira, ten a sensación de que el a acompaña. Outras veces opta por unha cidade máis ao azar...

O libro ten ben dosificada a intriga. Pouco sabemos neste primeiro libro do problema da familia, e menos da misteriosa persoa que escribe polas paredes *Ámote Leo A*.

Na segunda parte ten máis protagonismo a familia. O primeiro libro é un punto de arranque de moitas cousas. Abre moitos ramallos que despois medran. E si, a idea é ir dosificando a intriga. O xogo a tres complica a narración.

No aspecto narrativo, muda bastante respecto a *As de bolboreta* e *Sol de Inverno*. A estrutura é menos complexa. Unha narración liñal, con poucas voltas atrás, con algunha mensaxe de twitter...

Creo que a forma ten que responder ás necesidades da historia. E neste caso tiña que ser así: pouco flashback, moito diálogo e acción... Incluír as redes sociais tamén era inevitable, porque senón a historia non sería crible dada a idade da rapaza e do público ao que se dirixe. Leo non quere escribir un blog, nin estar pendente do correo, nin conectarse a internet máis que en ordenadores de uso público... Está enfadada cos seus amigos porque a deixaron tirada e rexeita contarlles polo miúdo a súa experiencia. Pero suprimir de todo as redes sociais tampouco sería crible, por iso o twitter.

Cando decide mudar de continente unha das súas motivacións é a curiosidade polo mundo musulmán e ver cos seus propios ollos o que se presenta en Occidente como niño de terrorismo, integrista... Se cadra as reflexións dela reflicten as túas, nas túas viaxes.

Non necesariamente. Hai lugares que me gustaron moito que non aparecen no libro, e outros que non me gustaron e si aparecen. Leo non ten moito tempo para parar en cada sitio, por iso as reflexións que podo atribuírle tampouco poden ser moi fondas. Nin podo incluír reflexións que tería unha persoa adulta despois de ler moito e con outra bagaxe. Ese é un dos motivos, ademais, de que vaia metendo polo medio as citas de libros. Desa maneira podo engadir reflexións sen que sexa demasiado forzado.

De todas maneiras, ela é maior que o lector xuvenil ao que vai dirixida a novela. E ademais non nos fala en primeira persoa, senón a través dun narrador. Iso axuda, non si?

Si, pero aínda así eu non quería forzar nada. Nin restarlle ritmo ao relato, pois é moi importante no libro.

A súa relación coa familia ten as súas dificultades. A chantaxe da nai, a distancia co pai e o irmán... Mais ela mesma vai mudando e a súa familia ausente é clave no proceso. Sente nostalgia, soidade, medo... e tamén liberdade.

Só cando está lonxe é consciente de canto os bota en falta, sobre todo ao irmán, co que tiña unha relación máis distante. Agora, coa renuncia a intercambiar correos cos amigos que

renunciaron a viaxar canda ela, necesítao para ter con quen falar, a quen contarlle... Ela decátase de que a familia era un pao ao que agarrarse máis forte do que pensaba, que os necesita máis do que imaxinaba.

En Marrocos atópase coa falta de liberdade de expresión. É unha reflexión da autora como xornalista?

Pois é unha reflexión na liña da anterior. É algo que non valoramos na súa medida ata que nos falta. O proceso de escrita da novela coincidiu coas revolucións árabes. E quería falar delas sen esa euforia coa que foron recibidas por aquí: de que todo ía mudar radicalmente e ían converterse en democracias idílicas. Ela, pola súa idade e pola realidade que vive, non é consciente do problema que pode supor dicir o que pensas, segundo onde esteas. E esa é unha das principais aprendizaxes da viaxe.

Que saian as revolucións árabes tampouco terá máis misterio que ser noticias de actualidade nesa época...

A actualidade ía máis rápida que a escrita, claro. Eu anotaba o que me parecía que podía servirme e despois ía escollendo en función das necesidades narrativas.

Supoño que farías igual cando escribiches *Veu visitarme o mar*. O Prestige está de fondo todo o tempo. Volveute levar a esa novela a recente sentenza? Como a recibiches?

Non volví ao libro, pero si foi un impacto grande. Estaba en Correos e vino no twitter. Foi como revivilo todo. Sentín unha enorme sensación de angustia e vulnerabilidade porque tiven a sensación de que todo volvía comezar. Outra vez ese cheiro a petróleo, esa frustración. E o peor é que podería pasar outra vez e non habería consecuencias. Pensaba en todas as horas pasadas coa xente de Nunca Máis, e en que se fose hoxe os mesmos políticos volverían dicir as mesmas barbaridades, a mesma xente volvería facer o mesmo...

Falando de voltas atrás, o teu relato sobre a ditadura portuguesa en *Resistencia* ten partes que poderían lerse como de actualidade. Porque non só está a haber retrocesos en dereitos sociais. Tamén en liberdades públicas. É como volver aos 70, antes da morte de Franco. Compartes esa sensación?

É que estamos a volver aínda máis atrás dos anos 70. Hai unha ideoloxía profundamente reaccionaria que se mantivo e agora se manifesta con máis énfase. E son moitas cousas: as liberdades públicas, o dereito de manifestación, o dereito de folga... Din que é a xente a que exerce a violencia, pero non falan da violencia estrutural, da violencia que bota a xente da súa casa ou que impide que os fillos coman no comedor escolar. Nos 70 polo menos había unha conciencia de que había que loitar. Agora a sociedade parece rendida. Daquela había unha violencia e unha reacción, agora só queda a violencia estrutural, que é negada. A iso contribúe una terrible manipulación da linguaxe e da realidade.

No teu traballo en centros, que percepción tes da actitude do alumnado cara ao galego? Se cadra é un tema que nin se formulan se o libro lles gusta.

É habitual que che pregunten por que escribes en galego. Pero tamén o é que che pregunten canto cobras por libro. Non ten tanta importancia. Si é verdade que, neste libro, a protagonista vai cambiando de país, e eu non vou especificando nada sobre a lingua de comunicación. Si hai unha reflexión dela no sentido de que ao falar galego, castelán e inglés pode ir a calquera parte.

Pero os lectores e lectoras non preguntaron polo tema do galego, parece que o aceptan con naturalidade. E iso faime sentir optimista.

A crítica detectou tamén no libro certo retrato social, do xeito no que vivirían os adolescentes ou os universitarios: a experiencia de compartir piso, de facer *coachsuring*...

Non tiven esa intención. Para facer un retrato xeracional tería que pensar o libro doutra maneira. Quixen reflectir unha maneira de viaxar, pero hai moitas outras posibilidades. A algúns lectores pode parecerlles que Leo é unha 'pija' que viaxa con bastantes cartos, a outros que a súa viaxe é moi cutre...

Algo máis que queiras salientar?

A importancia dos clubs de lectura. Quixen que o lector puidese viaxar con Leo a través do libro. Leo é unha boa lectora, e os clubs de lectura supoñen unha boa oportunidade para comentar os libros e coñecer moitas cousas...